

Malapécora, nos Domingos a Escena

19.00 O grupo teatral naronés Malapécora representa no Centro Cívico de Caranza a obra "A parábola da rá", centrada nos problemas medioambientais do planeta. A entrada é gratuíta.

O grupo Eirado actúa en Valdoviño

19.00 O local social da Asociación de Veciños de Meirás, en Valdoviño, será o escenario da actuación, esta tarde, do grupo de teatro Eirado. Presenta a obra "O cantar dos cantares".

"A casa de Bernarda Alba", en Pedroso

19.30 O ciclo de teatro afeccionado da sociedade A Pombiña, en Pedroso, prosigue esta tarde coa actuación do grupo de teatro municipal de Ribeira. Representan "A casa de Bernarda Alba".

Exposición micolóxica na praza Roxa cedeira

A Asociación Micolóxica A Braxe organiza a exposición de fungos e cogomelos que hoxe pode verse en Cedeira. Os interesados deberán achegarse á sala situada debaixo do escenario da praza do Sagrado Corazón (Roxa).

O colectivo pictórico ferrolán 8B expón as súas creacións no centro comarcal de Tabeirós

REDACCIÓN > FERROL

■ O colectivo artístico 8B comeza as súas actividades expositivas cunha mostra que pode verse ata o día 29 deste mes no centro comarcal de Tabeirós-Terra de Montés, situado no concello da Estrada.

Este grupo naceu como tal hai poucos días e integra a Eduardo Hermida, J. Cebral Rodríguez, Maribel Garrote, Ana Ferreira, Manuela Castro, Antonieta, Pepe Gascón e Avelino Castro. Baixo o presuposto, inspirado en Picasso, da liberación da arte de cegueiras, falsos conceptos e prexuízos quere "facervixente coa nosa arte, nesta época de apatía e desesperación, o concepto Picassiano".

En datas vindeiras seguirán expoñendo o seu traballo nos edificios dos centros comarcais de toda Galicia.



Imaxe da xornada inaugural dos Sabactivos, que se desenvólven de outubro a decembro

J.M.

Os Sabactivos diríxense a nenos de entre tres e doce anos

Unha ducia de actividades enchen as mañás do Carvalho Calero

REDACCIÓN > FERROL

■ Os Sabactivos enchen de propostas lúdicas as mañás dos sábados dos nenos de entre tres e doce anos. Por terceiro ano, e de forma gratuíta, a concellería de Xuventude pon a andar unha iniciativa que busca favorecer o lecer dos nenos pero tamén axudar ós pais a compaxinar as obrigas familiares coas laborais.

Esta edición, e atendendo ás peticións dos pais, o horario habitual amplíase en media hora, polo que abrangue desde as dez da mañá ata as dúas da tarde. Os obradoiros celébranse no Carvalho Calero.

Monitores especializados imparten ó longo da mañá unha ducia de talleres. Os rapaces poden participar nas actividades de expresión e teatro; de circo e malabares; de disfraces, maquillaxe e fotografía; e de danza do ventre, moderna, batuka e ximnasia; así como nos obradoiros de clown e comedia da arte; capoeira e percusión; montaxe audiovisual; xogos cooperativos, de exterior e gynkanas; xogos populares; plástica, reciclaxe, barro e pintura; e creación de xoguetes. Ademais, como remate de cada unha das sesións, tódolos rapaces participarán no contacontos. Alí, os nenos

de maior idade disfrazaranse e colaborarán co narrador para dar vida ós personaxes dun conto clásico.

Tódalas propostas buscan mellorar as habilidades físicas e sociais dos rapaces, ó tempo que educan en valores como a cooperación e solidariedade.

Para participar só se precisa presentarse no Carvalho Calero á hora indicada e dar os datos dos rapaces, ademais de posibles alerxias ou coidados especiais, se se precisan. A media mañá daráselles ós nenos un pequeno almuerzo con zume e galletas para que repoñan forzas.

breves

Os veciños de Covas nados entre 1957 e 1961 farán unha cea

■ A asociación de veciños de Covas convoca a tódolos nados na parroquia entre os anos 1957 e 1961 a unha reunión que se celebrará o 29 de outubro, ás oito da tarde, no local social. Os contidos que se tratarán neste encontro están relacionados coa organización dunha cea de confraternidade.

O vinilo ponse de moda na feira que organiza o café Maltés a vindeira semana

REDACCIÓN > FERROL

■ Os avances tecnolóxicos que axudan a reproducir a música cada vez con maior calidade non conseguen substituír os recordos

nin o encanto dos primeiros sistemas de reprodución. Por iso os discos de vinilo seguen a espertar paixóns entre curiosos e coleccionistas. O café Maltés (na rúa Ma-

ría, 206) organiza o martes 13 e o mércores 14 unha feira dedicada a este obxecto que se celebrará entre as 21.00 e as 23.30 horas.

Neste mercadillo haberá -ademais de discos dos anos 70 e 80 de rock, blues, garage ou country, entre outros estilos- broches, chapas, colgantes, gravatas e roupa nova e de segunda man. Para levarlo todo adiante, o café contará coa axuda de Antonio Sánchez "el indio", un ferrolán, músico afec-

cionado e grande amante do vinilo, que foi un dos impulsores da feira. La Calavera Zamalera será a creativa encargada da venda de artigos de recordo do máis variopinto. Tamén participará Ana Inés, pinchadiscos ferrolá coñecida como Dj Wipe Out, que aportará discos e roupa para reciclar. Suso "Manchita" ambientará musicalmente o mercado, que conta con cartelería deseñada por Pepo Piñeiro.

breves

Novo encontro de torneiros artesanais no Concello de Vilarmaior

■ A Asociación Ibérica de Torneiros Artesanos de la Madera (Ai-tam) organiza para o vindeiro 18 de outubro en Liñares, Vilarmaior, a V Xornada de Torneado Artesanal. O encontro xirará en torno ó torneado descentrado e á elaboración de pezas con borde natural. O horario será de dez a dúas e de catro a sete da tarde.

O artista José Carlos Fernández expón ata finais de mes en Ortigueira

■ O artista ferrolá José Carlos Fernández Ducros amosa desde mañá e ata o 31 de outubro a súa obra en Ortigueira. A paisaxe galega é o eixo central dos vinte e oito cadros que compoñen a exposición de óleos que se pode visitar no Concello. O centro abre de dez a dúas e de cinco a nove.

Anca Vella, en Neda, saca hoxe en procesión á Virxe dos Remedios

■ A parroquia de Anca Vella, no Concello de Neda, honra hoxe á Virxe dos Remedios coa tradicional romaría. Haberá misas todas as horas de dez a doce da mañá, e á unha da tarde oficiarase unha solemne, con procesión, cantada pola coral nedense.

Misa campestre, xantar popular e música no día do Pilar na Barqueira

■ A Barqueira celebra durante esta fin de semana as festas do Pilar. Hoxe vívese un dos días grandes coa celebración da misa campestre e o posterior xantar popular. A eucaristía cantada comezará ás 13.30 horas e de seguido actuará a orquestra Aramio. O xantar, a base de empánada, mexillóns en salsa mariñeira, xamón cocido ó vapor de Alvariño, chourixo, pataca, sobremesa, café e bebidas custa catorce euros. Os rapaces menores de dez anos pagarán a metade. Pola noite a festa continuará con Aramio e Capitol. O luns oficiarase unha misa ás 13.30.

Radio 981 355 555 TAXI

Estes donde estes sea la hora que sea, siempre estamos libres para ti